



PALABRAS DA PRESIDENTA DO PARLAMENTO NA SESIÓN PLENARIA DE ALDEAS INFANTILES

3 de xuño de 2010, 12.00h

Bos días

Ábrese a sesión

Como presidenta do Parlamento de Galicia quero, antes de nada, darvos a benvida a esta casa, que, como sabedes, é a vosa casa e a de todos os galegos.

Hoxe vos sentades nos escanos que ocupan os deputados e deputadas elixidos democraticamente polo pobo de Galicia e que lexitimamente representan a nosa cidadanía. E hoxe ides ter a oportunidade de expresar aquí, no hemiciclo, a través dos vosos portavoces, as vosas ideas e reflexións sobre os valores nos que estivestes traballando ao longo destes últimos meses: **bondade, diálogo e paz.**

A verdade é que poucos valores representan con tanto acerto as necesidades da sociedade actual, a mesma sociedade que vós estades chamados a dirixir nun futuro, moito máis próximo do que pode parecer.

Bondade, diálogo e paz. Palabras fermosas que oxalá foramos quen de interiorizar –no seu sentido máis amplo– para facer do seu significado un compromiso vital, de todos e cada un, que nos permitise contribuír a moldear un mundo menos agresivo, máis habitable e, polo tanto, con máis e mellores oportunidades para todos.

Nesta liña, permítome chamar a vosa atención sobre a extraordinaria transcendencia da etapa vital que estades atravesando.



Aínda que o que vou dicir vos poida parecer un “rollo” que os adultos repetimos constantemente, podedes estar seguros de que estes anos de formación nos que estades inmersos son e van ser moi importantes na vosa vida. De que vos esforcedes, ou non, agora vai depender, en gran medida, o voso éxito futuro. E cando falo de éxito non me refiro só ao éxito profesional, que tamén, senón ao éxito persoal que supón a certeza de vivir en coherencia coas vosas conviccións, principios e valores.

Por iso, insistimos tanto os maiores na necesidade do esforzo, porque canto mellor sexa a vosa formación –en coñecementos e en valores–, maiores serán, por suposto, as garantías de inserción laboral, pero tamén as do voso desenvolvemento integral como persoas.

Desde logo, non son quen para dar consellos, pero non podo desaproveitar esta oportunidade que se me brinda no día de hoxe de dirixirme a todos vós para dicirvos que tratades de escoitar sempre con interese, e con respecto, o que os demais vos queiran contar; tede a seguridade de que poucas actitudes poden agradar máis a outra persoa que a atención que lle poidamos prestar cando nos intenta trasladar as súas opinións ou puntos de vista, por moi diferentes que sexan dos nosos.

Escoitando non só facilitamos a empatía, senón que vencemos falsos prexuízos e acadamos unha maior comprensión do mundo que nos rodea, unha obviedade que non sempre temos en conta.

Afirma Victoria Camps, unha recoñecida filósofa, que *“educar es formar el carácter, en el sentido más extenso y total del término”*; non podo estar máis de acordo, tanto no que se refire ao plano dos coñecementos, que terán



utilidade práctica no mundo profesional, coma, e fundamentalmente, ao ámbito dos valores, malia que vivamos nun mundo no que, en ocasións, a ética semella estar en retroceso. De aí a importancia de que escoitedes sempre a vosa conciencia e vos esforcedes en formalala sobre a base de principios éticos sólidos, os únicos que garanten unha auténtica plenitude persoal.

Estamos no Parlamento de Galicia, como vos dicía ao comezo: a vosa casa. Este hemiciclo que nos acolle constitúe probablemente o escenario máis significativo de cantos configuran a xeografía da política galega porque é a sede da soberanía popular.

Anímovos, polo tanto, a que aproveitedes esta visita para afondar no coñecemento das institucións democráticas, como este Parlamento que hoxe vos acolle, e do que, quizais, ¡quen sabe!, algún de vós formaredes parte o día de mañá.

E remato xa, para dar paso aos demais oradores, non sen antes agradecer a vosa presenza e o esforzo que desenvolve *Aldeas Infantiles* como organización espalladora de valores nunha sociedade sempre necesitada deles.

A todos, moitas gracias.